

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE XUÑO DE 2010,  
POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS  
ESPECÍFICAS PARA DIPLOMADAS E  
DIPLOMADOS EN FISIOTERAPIA PARA A  
OBTENCIÓN DO GRAO EN FISIOTERAPIA NO  
CURSO 2010/2011**

No Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro establécese a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. A disposición adicional 4ª.3 dispón que "quen, estando en posesión dun título oficial de diplomada ou diplomado, arquitecta técnica ou arquitecto técnico ou enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, pretenda cursar ensinanzas dirixidas á obtención dun título oficial de grao, obterá o recoñecemento de créditos que proceda de acordo ao previsto no artigo 13 deste Real Decreto".

A Universidade de Vigo implantou na escola universitaria de Fisioterapia a totalidade das ensinanzas correspondentes ao grao en Fisioterapia no curso 2009/10 (estrutura do plan de estudos ANEXO I).

Con data 30 de xuño de 2009 emítese resolución do Consello de Universidades correspondente á antedita titulación de grao, correspondendo, xa que logo, á Universidade de Vigo dispor os medios para que esta implantación sexa efectiva.

A titulación de diplomada ou diplomado en Fisioterapia e a de grao en Fisioterapia habilitan para o exercicio da profesión regulada de fisioterapeuta, recoñecida pola Lei de ordenación das profesións sanitarias de 2003 (44/2003 do 24 de novembro) e que conta con normas reguladoras do exercicio profesional:

- Orde Ministerial do 26 de abril de 1973, modificada pola Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 26 de abril de 1986 (artigos 70 e 71)
- Resolución do 18 de xuño de 1980 da Dirección Xeral de Traballo
- Circular 4/91 de Atención Primaria do 25 de febreiro
- Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias de 2003 (44/2003 do 24 de novembro; artigo 7 punto 2 apartado b)
- Lei 7/2003 de Ordenación Sanitaria de Galicia
- Estatutos do Consello Xeral de Colexios de Fisioterapeutas aprobados polo R.D. 1001/2002
- Estatutos do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, aprobados polo Decreto 270/2000.

Este procedemento ten en conta que o recoñecemento de estudos de diplomatura nunha titulación de grao debe obedecer á adecuación, en primeiro lugar, entre os coñecementos e competencias adquiridas na titulación de procedencia e as previstas no título de grao e, en segundo lugar, das prácticas e mailo traballo de fin de grao, e será aplicable exclusivamente ás e os diplomados en Fisioterapia que posúan a titulación oficial específica de diplomatura en Fisioterapia, da seguinte maneira:

(I) Os tres primeiros cursos académicos e mailas estancias clínicas de 4º curso recoñeceranse a todas e todos os diplomados en Fisioterapia que teñan unha experiencia laboral mínima de tres anos a tempo completo e un mínimo de 100 horas presenciais de formación de posgrao ou continuada de carácter presencial organizada ou recoñecida por institucións públicas.

(II) As e os diplomados que cumpran os requirimentos (I) deberán cursar exclusivamente as materias "Metodoloxía da investigación en ciencias da saúde" e desenvolver o traballo de fin de grao, nas condicións que figuran na memoria de verificación do título. A superación da antedita



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

materia e mailo traballo de fin de grao implicará a consecución do título de graduada e graduado en Fisioterapia pola Universidade de Vigo.

(III) As solicitudes de recoñecemento de estudos daquelas diplomadas e diplomados en Fisioterapia que non cumpran as condicións establecidas en (I) serán avaliadas pola comisión de valoración constituída ao efecto na escola universitaria de Fisioterapia, a cal determinará o número de créditos e materias que deban ser cursados para acadaren o grao en Fisioterapia pola Universidade de Vigo.

Por todo isto e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro,

#### **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

##### **PRIMEIRO**

Ofertar un máximo de **10 prazas** para a presente convocatoria no **curso 2010/11**.

##### **SEGUNDO**

Para participar nesta convocatoria haberá que estar en posesión do título de diplomada ou diplomado en Fisioterapia.

##### **TERCEIRO**

**Abrir un período de presentación de solicitudes para participar no PROCESO DE PREINSCRIPCIÓN entre o 14 e o 22 de xuño de 2010, ambos os dous incluídos.**

##### **CUARTO**

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura como ANEXO II e estarán á disposición das persoas interesadas na seguinte dirección de Internet: <http://webs.uvigo.es/webeuf/>

Ditas solicitudes deberán ir acompañadas da documentación requirida e entregaranse en horario de 9 a 14 horas, nas seguintes dependencias relacionadas a continuación, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común na redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro:

- ✓ Rexistro xeral do edificio de xerencia e servizos centrais no campus de Vigo
- ✓ Rexistro auxiliar do edificio anexo á escola universitaria de Enxeñería Técnica Industrial (rúa Torrecedeira en Vigo)
- ✓ Rexistros auxiliares dos campus de Pontevedra e Ourense.

##### **QUINTO**

As solicitudes, dirixidas ao director da escola universitaria de Fisioterapia de Pontevedra estarán acompañadas da seguinte documentación:

*Campus Universitario • Teléfono 986 812 000 • 36310 VIGO (Pontevedra)*



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

1. Fotocopia do D.N.I. ou pasaporte no seu caso.
2. Fotocopia compulsada do título de diplomada ou diplomado en Fisioterapia.
3. Certificación académica persoal ou copia compulsada, na que figure o número de convocatorias esgotadas en cada materia e a data de depósito para a expedición do título.
4. Documentación xustificativa da experiencia laboral e das horas de formación (ver condicións básicas do ANEXO II).

Aquelas persoas que acadaron a diplomatura na escola universitaria de Fisioterapia de Pontevedra, estarán exentas de presentar a documentación contemplada nos apartados 2 e 3 xa que son datos que obran en poder desta Universidade.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade.

A ou o solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e prestación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo.

#### **SEXTO**

Recibidas as solicitudes, a comisión de valoración, revisará os expedientes e verificará que conteñen a documentación esixida, **publicando o día 29 de xuño a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso de preinscrición**, con indicación dos motivos de exclusión.

Unha vez publicada a relación provisional, abrirase un prazo de reclamacións de **tres días hábiles (ata o día 2 de xullo) para a emenda de erros e a resolución das causas de exclusión**.

O día **12 de xullo publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** no proceso de preinscrición.

#### **SÉTIMO**

Constituirase unha comisión de valoración das solicitudes de preinscrición que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O director do centro
- Vogais: dous profesores e un P.A.S.
- Secretario: un P.A.S.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

#### OITAVO

A Comisión, de terse presentadas mais solicitudes que prazas ofertadas, ponderará seguindo os seguintes criterios:

- ✓ Nota media do expediente ata un máximo de 4 puntos (ver anexo II).
- ✓ Experiencia laboral ata un máximo de 6 puntos. Valorarase 1 punto por ano traballado e no caso de períodos inferiores procederase ó rateo da puntuación. Se a suma da puntuación dalgunha ou algún candidato supera o límite establecido, o que consiga o máximo terá a puntuación límite e para as restantes calcularase de xeito proporcional.

#### NOVENO

Rematado o proceso de selección por parte da comisión de valoración, o día 15 de xullo faranse públicas nos taboleiros de anuncios do centro as listas provisionais de persoas admitidas de acordo coa puntuación obtida.

Unha vez publicada a relación provisional, abrirase un prazo de reclamación de tres días hábiles, contados dende o seguinte á publicación das devanditas listas (ata o día 19 de xullo), para que as e os interesados presenten as alegacións que consideren oportunas ao presidente da comisión de valoración.

Resoltas as alegacións, o día 27 de xullo procederase á publicación definitiva das persoas admitidas, indicándose expresamente as datas para efectuar a súa matrícula.

#### DÉCIMO

O prezo dos estudos necesarios para a consecución da titulación de grao en Fisioterapia está suxeito ao disposto no Decreto da Xunta de Galicia no que se establecen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais.

#### UNDÉCIMO

Todas as resolucións que se diten en aplicación da presente convocatoria deléganse no director do centro, facendo constar nas mesmas este carácter.

As devanditas resolucións deberán ser motivadas, e nelas indicaranse as causas de exclusión e as reclamacións ou recursos, que no seu caso lle sexan aplicables.

Os listados definitivos darán lugar á interposición dos recursos recollidos no artigo 107 da lei 4/99, modificadora da lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO


Así e todo, as e os interesados poderán optar por interpoñer contra esta convocatoria recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso Contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 3 de xuño de 2010

O REITOR

Por suplencia RR 28/05/2010

O VICERREITOR DE PLANIFICACIÓN,

  
José Cidrás Pidre

VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO  
VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA  
VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES  
VICEXERENTE DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E XESTIÓN ACADÉMICA  
SECRETARIA XERAL  
DIRECTOR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA  
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO  
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
ADMINISTRADOR DO CAMPUS DE PONTEVEDRA  
XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS  
XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO  
XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS  
XEFA DE ADMINISTRACIÓN DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA  
RESPONSABLES DOS REXISTROS DOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
XEFES DAS AREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE  
XEFE DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL

## ANEXO I

O plan de estudos do grao en Fisioterapia pola Universidade de Vigo está estruturado como segue:

MÓDULO	MATERIAS	CRÉDITOS ECTS
FORMACIÓN BÁSICA 60 créditos	Anatomía Humana	9
	Fisioloxía	18
	Fisioloxía Humana	9
	Fisioloxía: Movemento Funcional en Fisioterapia	9
	Bioquímica Física	6
	Psicoloxía	6
	Afeccións Medicocirúrxicas	21
Afeccións Medicocirúrxicas	9	
Afeccións Médicas	6	
Afeccións Cirúrxicas	6	
FORMACIÓN ESPECÍFICA 90 créditos	Fundamentos da Fisioterapia	6
	Valoración en Fisioterapia	6
	Cinesiterapia	9
	Procedementos Xerais en Fisioterapia	15
	Fisioterapia Xeral	9
	Electroterapia Xeral	6
	Métodos Específicos de Intervención en Fisioterapia	27
	Fisioterapia Manipulativa Articular	9
	Fisioterapia Neurolóxica e Especial	9
	Fisioterapia Respiratoria e Masoterapia Especial	9
Fisioterapia en Especialidades Clínicas	18	
Fisioterapia en Especialidades Clínicas I	9	
Fisioterapia en Especialidades Clínicas II	9	
Lexislación, Saúde Pública e Administración Sanitaria	9	
MATERIAS OBRIGATORIAS 15 créditos	Metodoloxía da Investigación en Ciencias da Saúde	9
PRÁCTICAS E TRABAJO FIN GRAO 51 créditos	Radioloxía	6
	Estancias Clínicas	42
MATERIAS OPTATIVAS 60 créditos	Traballo Fin de Grao	9
	Fisioterapia na Discapacidade e Dependencia	6
	Fisioterapia Ergonómica	6
	Fisioloxía do exercicio e do esforzo	6
	Rehabilitación cardíaca	6
	Farmacoloxía	6
	Fisioterapia en Xinecoloxía e Obstetricia	6
	Fisioterapia en Deporte e en Actividade Física	6
	Fisioterapia no Linfedema	6
	Pilates aplicado en Fisioterapia	6
Inglés para Ciencias da Saúde	6	

## ANEXO II



### SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE DIPLOMADOS EN FISIOTERAPIA CURSO 2010/2011

#### DATOS DO SOLICITANTE

DNI

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DATA NACEMENTO

LUGAR DE NACEMENTO

PROVINCIA

PAIS

DOMICILIO (rúa, número, piso)

CÓDIGO POSTAL

LOCALIDADE

PROVINCIA

TLF.:

TLF. MÓBIL

Email

#### DATOS ACADÉMICOS

Ano que rematou a diplomatura de Fisioterapia

Nota media do expediente académico (1)

Nº horas presenciais de formación continuada ou de posgrao  
(2)

#### DATOS LABORAIS

Experiencia Laboral en días (3)

Data e sinatura

#### CONDICIÓN BÁSICAS

a) De acordo coa Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, comunícaselle que a información que facilitou formará parte do ficheiro automatizado de alumnos aprobado por *Resolución do 9 de febreiro de 2009 pola que se modifican e se crean ficheiros de carácter persoal* (publicado no DOG o 6 de marzo de 2009).

b) O alumnado poderá, en calquera momento, exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación ou oposición perante a Secretaría Xeral da Universidade.

c) A ou o alumno ou a ou o seu representante legal declaran ser totalmente certos os datos consignados neste impreso, advertindo de que calquera erro ou falsidade nos mesmos poderá causar a anulación do correspondente expediente de admisión.

(1).- A nota media do expediente académico será a nota media simple segundo a Resolución do 15 de marzo de 2005. (D.O.G. nº 57, de 23 de marzo de 2005)

(2).- Só se terá en conta ter realizadas 100 horas de formación presencial organizadas ou recoñecidas por Institucións Públicas

(3).- Para a experiencia laboral como fisioterapeuta terase en conta o certificado de vida laboral da Tesourería da Seguridade Social. Ademais, presentarse una relación dos postos de traballo desempeñados como fisioterapeuta así como a súa duración.